

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 18 DE MAIO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Grove do treito final da estrada PO-316, con inicio no p.q. 4+440 e final no p.q. 5+510, xunto co seu dominio público viario.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello do Pereiro de Aguiar para a reordenación de aparcamentos e ampliación de beirarrúas entre os PK 7+980 e 8+786 da OU-536, por importe total de novecentos dezanove mil seiscientos trinta e catro euros con oitenta e nove céntimos (919.634,89€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e El Ropero de Padre Rubinos, S.L.U., para a concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento das obras de ampliación e rehabilitación das instalacións da entidade como actuación de promoción da reutilización e da economía circular, por un importe total de trescentos corenta e dous mil oitocentos sesenta e nove euros con cincuenta e seis céntimos (342.869,56€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de teleasistencia da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea Next-GenerationEU, procedemento aberto. Importe de licitación: dous millóns catrocentos cinco mil cento vinte euros con sesenta e catro céntimos (2.405.120,64€). Valor estimado: sete millóns setecentos sesenta mil catrocentos dezanove euros con vinte céntimos (7.760.419,20€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (Xesgalicia) e a Asociación Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (BIOGA), para a posta en marcha do foco de emprendemento no sector biotecnolóxico (Business Factory BIOTRACK – BFBIOTRACK), por un importe total de oito millóns douscentos oitenta e sete mil cincocentos euros (8.287.500,00 €), e a exención de constitución de garantías e superación da porcentaxe no pagamento anticipado.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), a Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (XesGalicia) a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (ASIME) e a Asociación Clúster Galego da Industria e Servizos de Apoio ao Desenvolvemento das Enerxías Renovables e a Sostibilidade Enerxética (CLUERGAL), para a posta en marcha do foco de emprendemento no sector das enerxías renovables e a súa cadea de valor (Business Factory ENERGY – BFE), por un importe total de tres millóns cento noventa mil euros (3.190.000,00 €), e a exención de constitución de garantías e superación da porcentaxe no pagamento anticipado.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (Xesgalicia) e a Asociación Clúster Saúde de Galicia (CSG), para a posta en marcha do foco de emprendemento nos sectores sanitario e sociosanitario (Business Factory HEALTH&CARE – BFHC), por un importe total de dous millóns cincocentos corenta e cinco mil cento trinta e cinco euros (2.545.135,00€), e a exención de constitución de garantías e superación da porcentaxe no pagamento anticipado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., para a execución do programa de aceleración da internacionalización de pemes "Galicia Avanza" relativo ás convocatorias 2026 e 2027, por un importe total dun millón cento noventa e seis mil setecentos euros con oitenta e seis céntimos (1.196.700,86 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Facenda e Administración Pública, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de tres millóns de euros (3.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a licitación das obras de construción de dous edificios para 78 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais nas parcelas M-III B-3 e M-III B-4 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), cun orzamento de licitación de dezaseis millóns douscentos corenta e un mil douscentos setenta e cinco euros con vinte e tres céntimos (16.241.275,23 €), IVE incluído, e un valor estimado de catorce millóns setecentos sesenta e catro mil setecentos noventa e cinco euros con sesenta e seis céntimos (14.764.795,66 €), IVE excluído.
- Acordo polo que se toma razón do Plan de dinamización da área de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe) de Ourense.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a ampliación do Centro de Saúde de Carballo para a súa transformación en Centro Integral de Saúde da comarca de Bergantiños, feita a título gratuito polo Concello de Carballo a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construción dun novo Centro de Saúde, feita a título gratuito polo Concello de Ribadeo a favor do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de sistemas de implantes de columna con destino á Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras mediante procedemento negociado derivado do Acordo Marco MA-ASO1-22-017, por un orzamento base de licitación, IVE engadido de dous millóns douscentos seis mil trescentos sete euros con corenta céntimos (2.206.307,40 €), e un valor estimado sen IVE de catro millóns catrocentos doce mil seiscentos catorce euros con oitenta céntimos (4.412.614,80 €).
- Acordo polo que se toma razón da modificación das Instrucións da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, polas que se establecen o protocolo común para a xestión clínica e o seguimento da incapacidade temporal e o programa de reforzo da Inspección de Servizos Sanitarios para o seu control.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos a conta en porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación coa Orde de convocatoria de once bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2026, 2027 e 2028, por un importe total de douscentos noventa e tres mil douscentos sesenta e un euros con setenta e seis céntimos (293.261,76 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, no convenio de colaboración coa Asociación do Foro pola Economía Social Galega para a visibilización e o fomento da economía social galega durante o ano 2026, por un importe total de sesenta mil euros (60.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello do Carballiño para a reforma e a modernización da praza de abastos, por un importe dun millón catrocentos vinte e nove mil cincocentos setenta e sete euros con noventa céntimos (1.429.577,90 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de seiscientos noventa mil euros (690.000,00 €), así como, a eximir da obriga de constituír garantías e a superar o límite en pagamentos anticipados, segundo o disposto na normativa de subvencións de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Confraría de Pescadores de Noia para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe total dun millón cincocentos oitenta e dous mil corenta e sete euros con corenta e sete céntimos (1.582.047,47 €).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual e a modificación da porcentaxe sinalada no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia para pagamentos a conta en relación coa orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan seis bolsas de formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña por un importe total de cento cincuenta e cinco mil cincocentos vinte euros (155.520,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda no Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Galicia Europa para o desprazamento dunha persoa empregada pública a Bruxelas en virtude da disposición adicional 2ª da Lei 10/2021, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, por un importe total de corenta e catro mil setecentos quince euros con vinte céntimos (44.115,20€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA E UNIVERSIDADES

- Informe sobre o balance do Plan Conecta 23-25.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e a próxima información pública do proxecto de trazado Fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na AC-550 no Concello de Noia, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón cincocentos noventa e cinco mil oitocentos setenta e seis euros con oitenta e tres céntimos (1.595.876,83 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a aprobación definitiva e a próxima licitación do proxecto Senda peonil e ciclista na PO-841 (A Estrada), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón cento cincuenta e un mil noventa e un euros con oitenta e oito céntimos (1.151.091,88 €).
- Informe sobre a oferta pública de adquisición mediante compra, de locais situados no concello de Ourense, para a súa transformación en vivendas de promoción pública con destino ao alugamento.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a ampliación da cobertura fronte ao virus do papiloma humano (VPH) en homes ata os 25 anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MODIFICA O DECRETO DE NOMEAMENTO DO PERSOAL INTERINO PARA AXILIZAR AS LISTAS DE CONTRATACIÓN E OPTIMIZAR A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

- Os chamamentos do persoal poderán facerse pola vía ordinaria ou pola extraordinaria, que se empregará en situacións xustificadas de urxencia, como por exemplo, alto risco de incendios forestais
- Os chamamentos extraordinarios poderán facerse vía SMS ou telefónica, e as persoas convocadas deberán responder no mesmo día
- Para facer máis eficientes as listas de contratación e as substitucións de persoal, o decreto recolle a suspensión automática de chamamentos en todas as listas tras a aceptación dun posto

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á modificación do decreto que regula o nomeamento do persoal interino das listas de contratación para axilizar o seu funcionamento e optimizar a prestación dos servizos por parte do persoal da Xunta de Galicia.

A modificación do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, recolle, entre outras cuestións, a obrigatoriedade de que as solicitudes de inclusión nas listas de contratación temporal se presenten exclusivamente pola vía electrónica.

O documento, cuxas medidas entrarán en vigor en canto se publique no *Diario Oficial de Galicia*, modifica tamén o tempo de penalización para as persoas que non aceptasen, rexeitasen ou non se presentasen no posto de traballo para o que foron seleccionadas, que pasará dun ano a seis meses, tempo en que non volverán ser chamadas pola Administración.

Por outra banda, elimínanse as excepcións ás suspensións de chamamentos tras a aceptación dun posto, e estipúlase que a aceptación dun posto de traballo implica automaticamente a suspensión dos chamamentos en todas as demais listas en que a persoa aspirante puidese estar apuntada. O obxectivo desta medida é facer máis eficiente a planificación dos recursos humanos e asegurarse unha resposta máis eficaz ante situacións de emerxencia, garantindo a cobertura dos postos vacantes.

Boa parte das modificacións van ligadas á xestión das listas de contratación do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPIF), de aí que, ante o próximo inicio da campaña de alto risco de lumes, se considera necesario acometer estas modificacións con carácter urxente. Por ese motivo, configúranse dous tipos de chamamentos, ordinarios e extraordinarios. Estes últimos empregaranse só de concorrer unha situación xustificada de urxencia, como é o caso dos incendios forestais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Medidas extraordinarias polos incendios forestais

Polo carácter urxente e prioritario das actuacións que se deben prever en relación co risco de incendios forestais, o decreto recolle unha disposición adicional sobre o período de aplicación das medidas extraordinarias, que vai do 1 de marzo ao 31 de outubro de cada ano natural.

Ademais, os chamamentos extraordinarios realizaranse mediante SMS. Neste caso, a persoa aspirante deberá responder no mesmo día en que foi convocada, antes das 23.59 horas. No caso de que non sexa posible o envío de SMS poderá utilizarse o chamamento telefónico.

Por outra banda, estipúlase que a consellería competente en materia de incendios forestais poderá, no período de alto risco de lumes, elaborar listas complementarias para a cobertura temporal de postos do SPIF. Esas listaxes terán carácter subsidiario e só se poderán utilizar en ausencia de persoas dispoñibles nas listas ordinarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DO GROVE DA TRAVESÍA URBANA DA PO-316, COINCIDENTE COA RÚA LUIS ANTONIO MESTRE

- Trátase do treito de algo máis de 1 quilómetro de lonxitude, comprendido entre os puntos 4+440 e 5+510, e a transferencia inclúe o dominio público viario
- O Goberno galego e a Administración local teñen asinado un convenio de colaboración para levar a cabo a humanización da travesía desta estrada autonómica ao seu paso pola citada rúa, cun orzamento global de 2,6M€
- Co cambio de titularidade o Concello do Grove terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Grove do treito final da PO-316, comprendido entre os puntos quilómetros 4+440 e 5+510, que se corresponde coa rúa Luis Antonio Mestre, xunto co seu dominio público viario.

A Xunta e o Concello do Grove teñen asinado un convenio de colaboración para levar a cabo a humanización da travesía da estrada PO-316 ao seu paso pola citada rúa, cun orzamento global de 2,6M€, asumindo o Goberno galego o 65,38 % do financiamento das actuacións, 1.7M€.

Neste acordo de colaboración tamén se recolle o compromiso do Concello do Grove de asumir a titularidade deste treito de algo máis de 1 quilómetro de lonxitude, así como todo o dominio público viario deste tramo. A correspondente acta de entrega será asinada antes do inicio da execución das obras.

Cómpre lembrar que o departamento de Infraestruturas da Xunta xa tiña asinado co Concello do Grove un acordo previo para o cambio de titularidade, a prol da Administración local, doutro treito desta mesma estrada PO-316 situado entre os puntos kilométricos 5+510 e 5+890.

A Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo cos informes emitidos polos servizos competentes, formula así esta nova proposta favorable á transferencia de titularidade do treito da travesía de PO-316 (desde o punto 4+440 ao 5+510), xa que presenta un marcado carácter local e urbano.

A transferencia deste treito a prol do Concello do Grove tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello do Grove terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas autonómicas, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito que se transferirá:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[Turismo de Galicia achega gran parte do investimento total desta actuación, que conta cun orzamento superior aos 919.000 euros](#)

A XUNTA IMPULSA A MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE DO PEREIRO DE AGUIAR CON MELLORAS NAS SENDAS PEONÍS E APARCAMENTOS

O acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta dá continuidade ás actuacións desenvoltas neste Concello pola Axencia Galega de Infraestruturas, co obxectivo de fomentar a mobilidade urbana sustentable

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello do Pereiro de Aguiar para impulsar actuacións de mellora da accesibilidade peonil e da contorna urbana na travesía da Derrasa, ao longo da estrada OU-536.

Este acordo conta cun orzamento total de 919.634,89 euros, do que Turismo de Galicia achegará 671.200 euros, isto é o 73 % do custo, procedentes dos investimentos xerais da Comunidade Autónoma para os anos 2026 e 2027. Isto permitirá ofertar un percorrido seguro para os peóns, e contribuirá a revalorizar este enclave como espazo turístico e de lecer.

As intervencións dan continuidade ás accións desenvolvidas previamente pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) para fomentar a mobilidade urbana sustentable no municipio, onde xa se executaron dous tramos de senda peonil e ciclista na OU-536. Co novo convenio, o Concello do Pereiro de Aguiar completará a conexión entre ambos os itinerarios pola marxe esquerda da vía.

Ademais, pola marxe dereita da vía, levaranse a cabo traballos de reordenación de aparcamentos, ampliación de beirarrúas e renovación do pavimento, mellorando a accesibilidade e garantindo percorridos peonís máis seguros na travesía da Derrasa.

Desde Turismo de Galicia considérase que esta intervención contribúe a reforzar o atractivo do Pereiro de Aguiar como destino turístico. O convenio actual potencia unha mellor integración urbana, a mobilidade sustentable e a calidade dos espazos públicos, ao tempo que se potencia a actividade económica e turística da contorna.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ CASE 350.000 € A AMPLIAR O ROUPEIRO DE PADRE RUBINOS NA CORUÑA PARA AVANZAR NO EIDO DA REUTILIZACIÓN DE RESIDUOS TÉXTILES EN GALICIA

- O Consello autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e esta institución de carácter benéfico-social
- A intervención, que comezará antes do verán e se executará dividida en dúas fases, permitirá duplicar a capacidade operativa das instalacións actuais coa execución de traballos en cubertas, fachadas, estruturas, espazos interiores e zonas auxiliares
- Cunha media de 800.000 kg de roupa xestionada cada ano, Padre Rubinos dispón de 125 contedores repartidos pola cidade, un almacén e unha tenda de segunda man
- O apoio económico do Goberno galego a esta iniciativa responde a razóns de interese público, social e ambiental, ao tratarse dunha infraestrutura clave para o fomento da economía circular e da preparación para a reutilización no sector téxtil
- A Xunta está construíndo en Cerceda, a través de Sogama, unha planta pública de clasificación de refugallos téxtiles, a primeira destas características de toda España

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Roupeiro de Padre Rubinos para financiar unha actuación integral de ampliación, rehabilitación e modernización das instalacións que ten a entidade actualmente na cidade da Coruña co fin de impulsar a correcta xestión e a preparación para a reutilización dos residuos téxtiles.

Cunha achega directa por parte da Xunta de case 350.000 euros (342.869,56 euros, que é o importe total do proxecto), o acordo enmárcase no obxectivo de apoiar investimentos en infraestruturas que pola súa función contribúan ao fomento da economía circular e a incrementar a capacidade operativa de Galicia en materia de prevención de residuos.

Neste sentido, a intervención prevista permitirá duplicar a capacidade operativa das instalacións, modernizar aquelas que estean obsoletas, resolver patoloxías construtivas históricas e adaptar o edificio aos requirimentos técnicos, ambientais e funcionais actuais.

Con tal fin, actuarase en cubertas, fachadas, estruturas, espazos interiores e zonas auxiliares, o que permitirá ampliar a superficie funcional dedicada á preparación para a reutilización, mellorar as condicións de traballo, o almacenamento, a loxística, a eficiencia enerxética e a conservación dos materiais téxtiles tratados.

Os traballos, que executará a propia entidade, desenvolveranse en dúas fases, estando previsto que a primeira comece no mes de xuño e a segunda se leve a cabo ao longo do vindeiro ano 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre subliñar que a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos leva anos desenvolvendo de forma estable na cidade da Coruña actividades de recollida, selección, clasificación e preparación para a reutilización de produtos téxtiles.

Cada ano xestiona unha media de 800.000 quilogramos de roupa usada, que recolle e transporta en vehículos propios ata os almacéns localizados en Labañou para a súa xestión posterior. Na actualidade conta cun total de 125 contedores para residuos téxtiles distribuídos por toda a cidade da Coruña e ademais, complementa o seu labor de xestión cunha tenda situada na mesma zona e dedicada á venda de roupa de segunda man.

A actuación que se prevé executar no marco do convenio autorizado hoxe terá un impacto directo sobre a cidadanía, coa promoción de hábitos de consumo máis sustentables que contribúan á redución da xeración destes residuos, efectos sociais e económicos positivos asociados ao mantemento e á creación de emprego — neste caso, dirixido a persoas en situación de risco de exclusión social— e tamén beneficios desde unha perspectiva ambiental, xa que reforza a aposta da Xunta pola rehabilitación e a recuperación de edificios fronte á nova construción, en liña tamén cos principios de economía circular.

Polo exposto, o apoio económico do Goberno galego á intervención integral que acometerá o Roupeiro de Padre Rubinos nas súas instalacións actuais responde a razóns de interese público, social e ambiental, ao tratarse dunha infraestrutura clave para o fomento da economía circular e da preparación para a reutilización no sector téxtil que ten detrás, ademais, unha iniciativa singular, consolidada e de referencia en Galicia, cunha traxectoria acreditada e unha capacidade operativa xa instalada.

Primeira planta pública de residuos téxtiles

A intervención integral nas instalacións para o tratamento de residuos téxtiles de Padre Rubinos na Coruña enmárcase nas políticas autonómicas de prevención de residuos e economía circular, complementando outras iniciativas da Xunta orientadas á redución da xeración de residuos, á preparación para a reutilización e ao uso eficiente dos recursos, de acordo cos obxectivos ambientais fixados pola normativa europea, estatal e galega.

De feito, cómpre lembrar que a recollida separada a nivel municipal da fracción téxtil é obrigatoria para todos os concellos desde o 1 de xaneiro de 2025 e a Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular estatal establece como prioridade a preparación para a reutilización e o reforzo das infraestruturas necesarias para este fin no ámbito do sector téxtil.

Neste sentido, ademais de apoiar iniciativas xa en marcha como a de Padre Rubinos na Coruña, a Xunta está a promover tamén a través da empresa Sogama unha planta pública para a clasificación de residuos téxtiles en Galicia, que será, ademais, a primeira destas características de toda España.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As instalacións —actualmente en construción en Cerceda e cun investimento previsto de máis de 22 millóns de euros— contarán cunha capacidade inicial de 3.000 toneladas ao ano, ampliable a 24.000 toneladas, que darán emprego nunha primeira fase a entre 16 e 30 persoas, dando prioridade ás que teñan algunha discapacidade ou estean en situación de vulnerabilidade social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA OS TRÁMITES DO NOVO CONTRATO PARA A AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA

- O orzamento base de licitación é de 2,4 millóns de euros, distribuídos entre este exercicio e o ano 2027
- Esta prestación inclúe apoio inmediato, a través da liña telefónica, ante situacións de soidade, caídas ou enfermidades; un seguimento permanente desde o centro de atención e a mobilización de recursos ante situacións de emerxencia sanitaria, doméstica ou social

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio dos trámites para a licitación do novo contrato para a ampliación e a renovación do servizo de teleasistencia, que na actualidade xestiona Cruz Vermella. O orzamento base de licitación é de 2,4 millóns de euros, distribuídos entre este exercicio e o ano 2027, e financiados con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (*NextGenerationUE*), así como con fondos propios da Administración autonómica.

Esta prestación comprende, con carácter de mínimos, o apoio inmediato, a través da liña telefónica, ante situacións de soidade, angustia, accidentes domésticos, caídas e enfermidades. Tamén garante o seguimento permanente desde o centro de atención mediante chamadas telefónicas periódicas e a mobilización de recursos ante situacións de emerxencia sanitaria, doméstica e social.

Con este contrato, a Xunta dota os fogares de persoas maiores dunha tecnoloxía que permite a súa asistencia inmediata e permanente. Deste xeito, as persoas en situación de dependencia poden ter unha vida máis autónoma, grazas a dispositivos de teleasistencia avanzada que fan posible actuar ante calquera situación de emerxencia. Así, con tan só premer un botón, os usuarios da teleasistencia comunícanse cunha central, que está permanentemente atendida por persoal especializado para dar resposta á emerxencia que se presente en cada caso.

Polo tanto, o servizo de teleasistencia contribúe a mellorar a autonomía das persoas maiores; evita ingresos en centros residenciais, xa que lles permite aos seus usuarios permanecer nos seus fogares atendidos e seguros, e combate a sensación de soidade, ao ter seguimentos personalizados.

Unha vez que o Consello da Xunta deu luz verde a este expediente de contratación, agora deberá publicarse no *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE) e na Plataforma de Contratos de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA TRES NOVAS BUSINESS FACTORY ESPECIALIZADAS EN BIOTECNOLOXÍA, SAÚDE E ENERXÍA QUE IMPULSARÁN ARREDOR DE 70 NOVOS PROXECTOS ENTRE 2026 E 2028

- Rueda salienta que a rede de aceleradoras impulsada polo Goberno autonómico consolida Galicia como a sexta comunidade con máis empresas innovadoras de España
- Galicia conta con 375 *startups* e proxectos cunha taxa de éxito do 95 % e con máis de 1.400 empregos de alta cualificación
- Na Comunidade xa hai un total de 534 empresas *tech* con 20,8 millóns de euros de investimento captado no último ano
- As futuras Business Factory, xunto coa primeira Estratexia de Innovación Empresarial de Galicia 2026-2028, reforzan a aposta do Goberno galego por incrementar a competitividade do tecido produtivo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a posta en marcha de tres novas aceleradoras empresariais en “tres ámbitos estratéxicos”: biotecnoloxía, enerxía e saúde; co obxectivo de “impulsar arredor de non menos de 70 novos proxectos ata 2028”.

Trátase da Business Factory BioTrack (BF BioTrack), centrada no sector biotecnolóxico; Business Factory Energy (BFE), especializada en enerxías renovables; e Business Factory Health&Care (BFHC), orientada aos ámbitos sanitario e sociosanitario.

O éxito da rede de Business Factory impulsada pola Xunta sitúa a Galicia na sexta posición no *ranking* nacional de empresas innovadoras de España. Así o recolle un informe do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) presentado hoxe no Consello da Xunta onde se autorizou a posta en marcha de tres novas aceleradoras dentro da aposta do Goberno galego pola competitividade tecnolóxica.

O estudo tamén subliña que a experiencia acumulada polas aceleradoras galegas desde a posta en marcha da primeira BF no ano 2016 confirman o impacto económico deste modelo. As Business Factory impulsaron 375 *startups* e proxectos innovadores, cunha taxa de supervivencia empresarial do 95 %, moi superior á media habitual do emprendemento, e contribuíron á xeración de máis de 1.400 empregos cualificados. Ademais, están a contribuír a consolidar un ecosistema emprendedor máis sólido, competitivo e conectado coa industria e a xeración de novas capacidades tecnolóxicas e industriais en sectores estratéxicos para Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Bioteecnoloxía, renovables e saúde

As futuras Business Factory reforzan a aposta do Goberno galego por converter a innovación no centro do desenvolvemento da Comunidade e enmárcanse na primeira Estratexia de Innovación Empresarial de Galicia 2026-2028, que, unha vez posta en marcha, mobilizará máis de 400 millóns de euros para que esta sexa unha práctica cotiá do tecido empresarial galego e non unha excepción. Este investimento permitirá atraer talento e proxectos tractores, crear espazos de experimentación, activar innovación e permitirá incorporar ao tecido produtivo máis tradicional os novos avances tecnolóxicos como a IA.

As novas BF nacen co obxectivo de acelerar empresas con alto potencial de crecemento en ámbitos chamados a desempeñar un papel clave na transformación económica, tecnolóxica e industrial de Galicia nos vindeiros anos. A través dun modelo de aceleración especializado, as startups participantes accederán a acompañamento estratéxico, mentorización, conexión co mercado, validación industrial e acceso a financiamento, favorecendo así a súa consolidación e capacidade de escalado internacional.

A BF BioTrack estará enfocada ás ciencias da vida, bioteecnoloxía, bioindustria e tecnoloxías aplicadas á saúde e ao sector agroalimentario, impulsando proxectos con alto compoñente científico e capacidade de transferencia ao mercado, reforzando o posicionamento de Galicia como ecosistema emerxente en enxeñería avanzada.

Pola súa banda, BF Health&Care centrarase en proxectos innovadores relacionados coa saúde dixital, as tecnoloxías médicas, os coidados avanzados e a atención sociosanitaria, contribuíndo á modernización do ecosistema sanitario galego e á creación de solucións innovadoras orientadas á mellora da calidade de vida das persoas.

No ámbito enerxético, BF Energy impulsará iniciativas vinculadas ás enerxías renovables, á transición enerxética, ao almacenamento, á eficiencia enerxética e ás tecnoloxías industriais sustentables. O seu obxectivo é favorecer a conexión das startups co tecido industrial e coa cadea de valor enerxética galega.

Participación dos clústeres

As tres aceleradoras desenvolveranse en colaboración cos principais clústeres sectoriais galegos –Bioga, Clúster Saúde de Galicia, Asime e Cluergal– e contarán tamén coa participación de XesGalicia, reforzando un modelo de colaboración público-privada orientado a acelerar empresas innovadoras, captar talento e conectar o emprendemento cos grandes retos industriais de Galicia.

Para a posta en marcha destas tres novas aceleradoras mobilizaranse ata 14 millóns de euros “entre o que aporte a Xunta de Galicia e o que aporten os proxectos privados”: o Igape destinará máis de 5 millóns para gastos de xestión, coordinación, asesoramento e formación dos programas; os clústeres colaboradores achegarán conxuntamente en torno a 850.000 euros; e, de xeito complementario, XesGalicia poderá apoiar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

financeiramente os proxectos seleccionados que superen o correspondente proceso de análise de investimentos. Este apoio financeiro poderá ir desde 50.000 ata 250.000 euros por proxecto, en función da fase de desenvolvemento na que se atope cada iniciativa empresarial, cunha capacidade máxima de investimento de ata 8 millóns de euros.

Coa incorporación destas novas iniciativas, Galicia reforza unha rede pioneira de Business Factory impulsada pola Xunta que xa integra sete aceleradoras xa consolidadas como BFAuto, BFAero, BFFood, BFClimaTech, BFSport, ViaGalicia e Galicia Avanza. O seu éxito aválano as cifras e tamén nun contexto determinado onde Europa vive unha carreira global por atraer startups tecnolóxicas. Así, a Comisión Europea situou o impulso ás *startups* e *scaleups* –empresas que xa superaron a fase inicial de *startup*– como prioridade para reforzar a competitividade e a autonomía tecnolóxica. Neste contexto, Galicia consolídase como un dos ecosistemas emprendedores máis dinámicos do Estado.

Segundo o informe Empresas Tech e Innovadoras de Galicia 2026, a Comunidade conta na actualidade con 534 empresas tecnolóxicas e innovadoras (264 *startups*, 29 *scaleups* e 229 pemes), máis de 5.700 empregos xerados e unha facturación superior aos 556 millóns de euros anuais.

A rede de Business Factory representa así unha política industrial moderna baseada na innovación, na especialización intelixente e na colaboración público-privada. Un modelo pensado non só para crear startups, senón para acompañalas no seu crecemento e consolidación, transformando innovación en empresas viables, emprego cualificado e novas capacidades industriais para Galicia.

Galicia Avanza

O Consello da Xunta tamén autorizou esta mañá a sinatura dun novo convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe) e a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) para desenvolver as convocatorias 2026 e 2027 da aceleradora Galicia Avanza, un programa pioneiro “centrado no apoio ás pemes para promover a súa internacionalización”. O investimento total supera os 1,19 millóns de euros.

A iniciativa está dirixida a empresas e startups consolidadas que dispoñen de produtos validados e capacidade para escalar internacionalmente, pero que precisan apoio especializado para profesionalizar a súa presenza exterior. Para iso, Galicia Avanza ofrece un itinerario práctico e personalizado de acompañamento, mentorización e asesoramento especializado que combina capacitación transversal, apoio técnico e accións de aceleración adaptadas ás necesidades concretas de cada empresa participante.

Cada convocatoria contará cun máximo de 15 pemes beneficiarias e desenvolverase ao longo dun período de entre oito e doce meses. O programa permitiralles ás empresas validar o potencial das súas solucións innovadoras, mellorar a súa estratexia comercial e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reforzar tanto as súas capacidades organizativas como o acceso ao financiamento, investidores e novos socios internacionais. Ademais, inclúe accións específicas de visibilización das empresas participantes e de creación de sinerxías entre o ecosistema innovador galego.

Cómpre salientar que Galicia Avanza se ten consolidado nos últimos anos como unha ferramenta clave para acelerar a validación, o posicionamento e a comercialización internacional da innovación galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 3 M€ AO CONCELLO DE SANTIAGO PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE CAPITALIDADE

- O Goberno galego contribúe así ao mantemento dos servizos na cidade derivados da súa condición como capital de Galicia e sede das institucións autonómicas
- A cantidade consignada para 2026 increméntase nun 14 % con respecto ao ano pasado
- No que vai de lexislatura, o Goberno galego subiu máis dun 25 % o orzamento da capitalidade de Santiago

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e o Concello de Santiago en virtude do cal o Goberno galego achegará 3 millóns de euros ao consistorio compostelán no ano 2026 para o financiamento dos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma.

Este acordo enmárcase na Lei 4/2002, do Estatuto de Capitalidade de Santiago de Compostela, que recoñece a cidade compostelá como sede das institucións autonómicas e capital de Galicia. A citada norma regula, ademais, as relacións de colaboración e cooperación entre o Concello e a Xunta de Galicia.

Neste sentido, o Estatuto de Capitalidade establece a necesidade de achegar, por parte do Goberno galego, financiamento específico para axudar a sufragar o custo adicional derivado da presenza das institucións autonómicas no termo municipal de Santiago de Compostela. A cantidade consignada para 2026, 3.000.000€, supón un incremento dun 14 % con respecto ao ano pasado.

No que vai de lexislatura, o Goberno galego subiu máis dun 25 % o orzamento da capitalidade de Santiago. Unha cifra á que hai que engadir os preto de 2 millóns de euros anuais que concello obtén polo IBI dos edificios públicos como sede das institucións de Galicia e dos servizos centrais administrativos.

Así mesmo, a achega do Goberno galego ao concello de Santiago comprende tamén outros importes en materia de patrimonio cultural, turismo, infraestruturas viarias ou política lingüística, derivados da súa participación no Consorcio de Santiago, na Fundación Cidade da Cultura ou na seguridade na catedral, relacionados directa ou indirectamente coa condición de capitalidade de Santiago de Compostela.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A LICITACIÓN DAS EXECUCIÓN DAS OBRAS DE 78 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN VIGO POR UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE PRETO DE 14,8 M€

- Construiranse en dúas parcelas do polígono dous de San Paio de Navia
- En Vigo a Xunta ten actualmente 927 vivendas de promoción pública en diversas fases de execución, das que 309 se atopan xa en obras

O Goberno galego construírá 78 vivendas de promoción pública nas parcelas M-IIIB- 3 e M-IIIB-4 do polígono dous de San Paio de Navia, en Vigo, en parcelas urbanizadas pola propia Xunta de Galicia.

As obras para a construción do inmoble licitaranse por un importe de 14.764.795,66 euros e seguirán o proxecto redactado Fernández Carballada y Asociados S.L.P., adxudicado por importe de 542.782,51 euros, incluíndo a dirección de obra.

A execución destas novas vivendas será financiada integramente con recursos propios, sen ningún tipo de achega de axudas estatais ou europeas.

Baixo este contrato, construíranse dous inmobles, de 22 e 56 vivendas respectivamente, que albergarán un total de 42 vivendas de dous dormitorios (tres delas adaptadas para o uso por persoas con mobilidade reducida), 31 de tres dormitorios (unha adaptada) e cinco de catro dormitorios, con superficies útiles, que oscilan entre 68,5 e 102,29 metros cadrados. Todas as vivendas contarán con rocho e praza de garaxe.

O bloque de 22 vivendas contará con baixo e dúas alturas e o de 56 vivendas terá baixo e tres alturas. Ambos os bloques dispoñen de garaxe soterrado na que tamén se atoparán parte dos rochos.

Esta promoción insírese no compromiso da Xunta de Galicia de duplicar o parque público de vivenda, chegando a un total de 8.000 unidades, antes do remate de 2028, que se converterán en 10.000 no ano 2030. Con tal fin, xa están en diversas fases de execución 4.000 novas vivendas de promoción pública.

En Vigo a Xunta ten actualmente 927 vivendas de promoción pública en diversas fases de execución, das que 309 se atopan xa en obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA TOMA RAZÓN DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DA ÁREA REXURBE DE OURENSE

- O plan foi elaborado polo concello, ao que compete a súa aprobación
- Inclúe medidas de índole arquitectónica, urbanística, ambiental, económica e social
- A Área Rexurbe foi declarada polo Consello da Xunta en marzo de 2025 e comprende case a totalidade do conxunto histórico-artístico da cidade e unha zona situada entre o casco antigo e o río Barbaña, que non ten a condición de ben de interese cultural

O Consello da Xunta de Galicia foi informado do Plan de dinamización da Área Rexurbe declarada no concello de Ourense e no que se inclúen as medidas que o concello prevé aplicar para acadar os obxectivos de dinamización social, económica, urbanística e arquitectónica do ámbito delimitado. O plan debe ser aprobado polo propio concello.

Dende o punto de vista arquitectónico, o plan de dinamización prevé actuación de conservación, valoración e recuperación do patrimonio urbano, a rehabilitación de edificios e vivendas, a mellora das condicións ambientais con máis presenza de espazos verdes na cidade vella e a mellora dos servizos aos cidadáns. Tamén prevé melloras en rúas e redes de abastecemento e saneamento.

Polo que respecta á dinamización económica, prevé medidas de recuperación da actividade económica tradicional evitando que sexan unicamente dirixidas ao turismo.

En canto ao aspecto social, o plan redactado polo concello prevé mellorar as canles de comunicación entre os veciños e a administración, simplificación de trámites administrativos en relación coa vivenda e mellorar a imaxe de cara ao turismo.

Corresponde ao concello a execución do plan de dinamización deseñado, contando coa colaboración da Xunta de Galicia e outros organismos públicos que se impliquen no desenvolvemento das actuacións previstas.

A Área Rexurbe de Ourense foi declarada polo Consello da Xunta o 3 de marzo de 2025. O seu ámbito comprende case a totalidade do conxunto histórico-artístico de Ourense (coa exclusión de dúas parcelas situadas ao sur da zona vella) e unha zona situada entre a zona vella e o río Barbaña, que non ten a condición de ben de interese cultural.

Segundo a información facilitada polo concello xunto coa solicitude de declaración de área Rexurbe reúne os seguintes datos:

- Superficie: 0,195 Km²
- 1.065 edificios en total
- Dos que 631 edificios en estado malo, ruinoso ou deficiente (59,25% do total)
- 3.121 vivendas


INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Poboación:

- 3.881 persoas (8,8 % do total municipal)
- 35,61 % persoas maiores de 65 anos

Factores económicos e sociais:

- 960 locais comerciais no ámbito
- 10,62 % ocupados
- 89,38 % baleiros
- 132 locais son restaurantes e cafeterías



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DO TERREO CEDIDO POLO CONCELLO DE CARBALLO PARA A CONSTRUCCIÓN EN CARBALLO DO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE DE BERGANTIÑOS

- Reformarase e ampliarase o actual centro de saúde de Carballo, cun investimento da Xunta previsto de 12 M€
- O centro disporá de 25 postos de diálise para tratar pacientes de Carballo, Coristanco, Malpica, A Laracha e Cerceda, o que posibilitará que 40 persoas reciban este tratamento sen trasladarse á Coruña
- Ampliarase notablemente a área de saúde das mulleres e a área de rehabilitación
- A reforma prevista suporá que o centro medre en máis de 1.800 metros cadrados
- Unha vez formalizada a cesión, o Servizo Galego de Saúde procederá a licitar a redacción do proxecto básico e de execución do novo equipamento

O Consello da Xunta autorizou hoxe a aceptación dos terreos que cede o Concello de Carballo ao Servizo Galego de Saúde para transformar o actual centro de atención primaria do municipio en Centro Integral de Saúde (CIS) de Bergantiños.

A reforma e a ampliación que acometerá o Goberno galego suporá un investimento estimado en 12 millóns de euros.

O centro disporá de 25 postos de diálise, o cal permitirá que cada ano entre 35 e 40 pacientes reciban tratamento sen necesidade de desprazarse á Coruña. Concretamente, disporase de 21 postos de hemodiálise para pacientes crónicos; 2 para pacientes agudos; e 2 postos de illamento. Desta forma, pacientes dos concellos de Carballo, de Coristanco, de Malpica, da Laracha e de Cerceda deixarán de ser derivados para este tipo de tratamentos á cidade da Coruña.

A construción do Centro Integral de Saúde de Bergantiños enmárcase na fase 1 do Plan de Infraestruturas sanitarias da Xunta e suporá tamén a creación dunha área integral da muller, na que haberá, como novidade, unha consulta de obstetricia e rehabilitación de solo pelviano.

A área de rehabilitación duplicará o espazo destinado para o ximnasio de fisioterapia, disporase de 3 novas cabinas de tratamento e a consulta de reumatoloxía contará cun espazo propio no novo centro.

O CIS de Bergantiños pasará das 14 consultas de medicina de familia actuais a 18; e incrementará de 11 a 14 as consultas de enfermería. Tamén se aumentará o espazo para urxencias cunha nova sala. Estas ampliacións liberarán os espazos do Punto de Atención Continuada, que tamén poderá contar cunha nova consulta de medicina e unha área de recepción propia e independente da do centro de saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre outras melloras, na área de saúde mental incluírase unha nova consulta de psiquiatría e outra de docencia; na de oftalmoloxía habilitarase un gabinete de exploración; e crearase unha área de docencia multiprofesional das especialidades de familiar e comunitaria, cunha aula de formación, dúas consultas de docencia médica e dúas de docencia de enfermería.

O novo centro aumentará, ademais, a área de especialistas cunha consulta de enfermería e outra de cirurxía.

A reforma prevista suporá que o centro medre en máis de 1.800 m², grazas á cesión dos terreos municipais dunha superficie total de 3.870 m².

Tras a aceptación hoxe dos terreos por parte do Consello da Xunta, formalizarase a cesión en escritura pública. O Servizo Galego de Saúde ten previsto licitar a continuación á redacción do proxecto básico e de execución e dirección de execución da obra co obxectivo de licitar as obras do CIS de Bergantiños en 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DO TERREO CEDIDO POLO CONCELLO DE RIBADEO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE

- A Xunta investirá preto de 7 millóns de euros na execución dun novo equipamento de atención primaria que contará con máis consultas, mellores circuítos asistenciais e tamén con novos servizos
- Disporá, entre outras, de seis consultas de medicina xeral, seis de enfermería, sala de toma de mostras, consulta de farmacia e dúas salas de técnicas
- Tamén terá unha consulta de pediatría e outra de enfermería pediátrica, unha para a matrona, outra para o programa da muller e unha sala de educación sanitaria
- Co obxectivo de achegar á poboación unha atención máis integral e multidisciplinar, o centro disporá dunha consulta de odontoloxía, unha para hixienista dental, fisioterapia e área de radioloxía

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a aceptación do terreo cedido polo Concello de Ribadeo, a título gratuito, para a construción dun novo centro de saúde.

A parcela que o concello cede ao Executivo galego está situada na avenida da América s/n e ten unha superficie de 3.991 metros cadrados. A Xunta investirá ao redor de sete millóns de euros para a execución dun novo centro de saúde, que contará con máis consultas, mellores circuítos asistenciais e tamén con novos servizos, ao pasar dos 1.987 m² do actual centro de saúde, ata os aproximadamente 2.800 m² dos que disporá a nova infraestrutura sanitaria.

En concreto, o novo centro de saúde terá seis consultas de medicina xeral, seis de enfermería, unha sala de toma de mostras, unha consulta de farmacia, dúas salas de técnicas para ecografías, espirometrías e cirurxía menor, entre outras prestacións, ademais do despacho para o traballador social e sala de xuntas/biblioteca.

Tamén terá unha consulta de pediatría e outra de enfermería pediátrica, unha para a matrona, unha para o programa da muller e unha sala de educación sanitaria.

Co obxectivo de achegar á poboación unha atención máis integral e multidisciplinar, o centro disporá dunha consulta de odontoloxía, unha para hixienista, fisioterapia e área de radioloxía.

Ademais, tamén se reforzarán os espazos do PAC cunha sala de observación, box de críticos, dúas consultas de medicina xeral e unha de enfermería, entre outras dependencias. Tamén haberá espazo para o 061.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tras a aceptación dos terreos por parte do Consello da Xunta, o seguinte paso será formalizar a cesión en escritura pública e, posteriormente, licitar a redacción do proxecto construtivo.

O Goberno galego estima que o vindeiro ano poderá aprobar o dito proxecto e proceder a licitar as obras da nova infraestrutura de atención primaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 2,2 M€ A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE IMPLANTES DE COLUMNA PARA A ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS

- O período de duración inicial do contrato é de dous anos
- O número de unidades que se mercarán supera as 7.700, entre conectores, barras e mallas
- As lesións de columna constitúen un problema que cada vez afecta máis xente debido ao paso dos anos, aos accidentes, aos sobreesforzos e ás malas posturas no día a día

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por un importe de 2.206.307 euros e un período inicial de dous anos, da subministración sucesiva de implantes de columna con destino á área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

O valor estimado do contrato elévase aos 4.412.614 euros, se se ten en conta a posible prórroga por outros dous anos máis.

Este material sanitario utilízase para a realización da cirurxía de columna co fin de corrixir posibles anomalías de carácter estrutural mediante un implante artificial cuxo obxectivo é substituír as partes danadas e aliviarlle a dor ao paciente.

As lesións de costas, e máis concretamente as da columna, convertéronse nun problema que cada vez afecta máis xente debido ao paso dos anos, aos accidentes, aos sobreesforzos e ás malas posturas no día a día.

A cirurxía de columna permite descomprimir, mobilizar os elementos, fixar estruturas vertebrais e substituílos, e debe deseñarse de acordo á patoloxía que refire o doente, co fin de recuperar a estabilidade ou corrixir a aliñación das vértebras, xa sexa por procesos dexenerativos, poscirúrxicos, conxénitos ou traumáticos.

O número de unidades que se mercarán no marco desta licitación supera as 7.700, entre conectores, barras, mallas, parafusos, etc., para placas cervicais, espazadores intersomáticos, sistemas de implantes para deformidades e fracturas do adulto, sistemas de implantes para columna dexenerativa, espazadores expansibles, etc.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A INSPECCIÓN SANITARIA CON 18 NOVOS PROFESIONAIS PARA DAR RESPONSA ÁS MEDIDAS DE MELLORA DA XESTIÓN DAS BAIXAS LABORAIS

- O presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, anuncia que se incorporará persoal inspector médico e subinspector sanitario ás sete áreas
- Sinala que esta ampliación de efectivos suporá un investimento de máis de 3 M€ durante os vindeiros tres anos
- A Xunta tamén modifica a instrución que establece o protocolo común para a xestión clínica e o seguimento da incapacidade temporal para “conseguir que o proceso sexa cada vez máis resolutivo”
- As propostas de alta das mutuas que cumpran os requisitos de motivación e fundamentación obxectiva da aptitude laboral do traballador serán confirmadas pola Inspección
- Salienta que “a última palabra sempre a vai seguir tendo a sanidade pública” a través da inspección, que se entende que a alta non está debidamente acreditada chamará ao paciente para unha nova consulta
- Deséñase unha autorización única da Inspección para as probas ou os tratamentos que realicen as mutuas co obxectivo de evitar demoras innecesarias na recuperación do paciente
- En 2025 a Inspección de Servizos Sanitarios xestionou máis de 38.400 propostas de alta formuladas polas mutuas e máis de 10.700 autorizacións de probas diagnósticas
- O Plan de mellora da xestión e control da incapacidade temporal da Xunta, iniciado en agosto de 2024, incluíu a revisión de máis de 132.000 procesos de baixa e a citación de máis de 38.600 pacientes para valoración presencial que deron como resultado máis de 31.800 altas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai reforzar de forma inmediata os equipos da Inspección de Servizos Sanitarios coa incorporación de 18 novos profesionais para “dar resposta ás medidas de mellora da xestión das baixas laborais que a Xunta de Galicia quere levar a cabo”.

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, acordou modificar as instrucións da Consellería de Sanidade polas que se establece o protocolo común para a xestión clínica e o seguimento das baixas laborais, que leva aparelado un incremento de persoal. O obxectivo desta modificación é, segundo salientou o presidente autonómico, “conseguir que o proceso sexa cada vez máis resolutivo”, axilizando o procedemento, dotándoo de maior carácter resolutivo e executivo, ao tempo que se reforza o papel das Unidades de Inspección e Control de Saúde Laboral.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade contratará nove profesionais inspectores médicos e nove subinspectores sanitarios para reforzar os equipos de inspección das sete áreas sanitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A previsión inicial é que a incorporación se estenda durante tres anos, o que suporá un investimento extra de 3.026.709,24 euros para levar a cabo as medidas que buscan unha maior eficiencia na xestión dos procesos de baixa.

En canto aos cambios na instrución que xestiona estes procesos, as propostas de alta médica que as mutuas deben dirixir ás unidades de Inspección deberán acordarse sempre que as propostas estean debidamente motivadas e completas. Segundo salientou o presidente, "a última palabra sempre a vai seguir tendo a sanidade pública" a través da inspección. Así, se a proposta fose insuficiente, o persoal inspector deberá convocar a persoa interesada a un recoñecemento médico presencial antes de ditar unha resolución motivada sobre se procede ou non a alta.

Neste sentido, as unidades de Inspección e Control da Saúde Laboral tramitaron 38.438 propostas de alta formuladas polas mutuas en 2025.

A citada instrución modifica a solicitude de autorización de probas diagnósticas e procedementos terapéuticos realizados polas mutuas e que deben contar co visto e prace da Inspección de Servizos Sanitarios.

A partir de agora, establécese un sistema de autorización única para que as mutuas non teñan que tramitar unha solicitude individual por cada actuación. Unha soa autorización habilitará todas as probas e procedementos terapéuticos necesarios, co que se gañará en axilidade para a recuperación do traballador.

O ano pasado, as unidades de Inspección e Control da Saúde Laboral tramitaron 10.727 solicitudes de probas diagnósticas.

Nesta mesma liña, a Xunta xa reduciu a burocracia e as molestias para as persoas de baixa coa integración na historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde das probas que realizaron as entidades colaboradoras da Seguridade Social, o que permite, segundo o presidente autonómico, "evitar duplicidades e ter que realizar unha proba que xa está realizada". En particular, en 2025 foron 1.300 probas que non foi necesario realizar por duplicado.

Apoio especial a facultativos

Ao longo do mes de marzo, as unidades de Inspección de cada área sanitaria entrevistáronse con 110 facultativos para trasladar novidades legislativas na materia, conceptos normativos específicos do absentismo e apoiar médicos de nova incorporación co uso da aplicación informática específica da xestión das baixas.

Ademais, informouse sobre as novidades na xestión das incapacidades temporais postas en marcha pola Xunta como a axilización do circuío de solicitude de autorización de probas polas mutuas, e a súas posterior incorporación a IANUS.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este traballo especial de apoio concluíu coa revisión de 3.521 procesos de baixa, que implicaron 730 altas, o que representa un 20,73 % dos casos analizados.

Por provincias, revisáronse 178 procesos de incapacidade temporal na provincia da Coruña, que derivaron en 66 altas; 653 na provincia de Lugo, dos cales 127 implicaron a alta; 926 na de Ourense, con 251 altas; e 1.764 na provincia de Pontevedra, con 286 altas.

Este traballo de apoio especial desde as unidades de Inspección Sanitaria continúa actualmente.

Balance das primeiras medidas

A posta en marcha do Plan de mellora da xestión e control da incapacidade temporal da Xunta supuxo a emisión de 5.929 partes de baixa desde os hospitais do Servizo Galego de Saúde ata o 30 de abril, nos casos de cirurxía programada.

Desta forma, evítase que un traballador teña que ir ao día seguinte polo parte de baixa ao seu centro de saúde, reducindo os trámites burocráticos para pacientes e para os profesionais da atención primaria.

Por áreas sanitarias, a da Coruña e Cee o ano pasado emitiu 1.280 partes; a de Santiago de Compostela e Barbanza, 1.053; a de Ferrol, 478; a de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, 762; na de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, 739; na de Vigo, 1.192; e na de Pontevedra e O Salnés, 425.

En canto ao reforzo das actuacións realizadas pola Inspección de Servizos Sanitarios, ata finais do mes de abril, foron revisados 132.412 procesos de baixa, foron citados 38.615 pacientes para valoración presencial e isto implicou a alta de 31.889 casos.

Así, o Plan de mellora da xestión e do control da incapacidade temporal da Xunta, posto en marcha en 2024, xa está a dar resultados positivos sobre os que cómpre avanzar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA 11 BOLSAS NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA INVESTIGAR SOBRE LINGUA E LITERATURA GALEGA

- O Goberno galego destina preto de 300.000€ para afondar na fraseoloxía galega, nas cantigas medievais ou en recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala, entre outros eidos
- Os bolseiros realizarán a formación desde o 1 de decembro de 2026 ata, como máximo, o 30 novembro de 2028

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria de 11 novas bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades no eido da lingua e literatura galega. Cun investimento de 293.261,76€, esta convocatoria da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude busca promover o ensino, a cultura e a investigación en lingua galega, ao mesmo tempo que fomenta a capacitación dos titulados universitarios.

Nesta ocasión, as bolsas permitirán que o persoal investigador afonden nos seguintes proxectos de investigación: *Dicionario histórico-etimolóxico da lingua galega*, *Bibliografía da lingua galega*, *Fraseoloxía galega*, *Corpus de referencia do galego actual (CORGA)*, *Cantigas de Santa María*, *Prosa literaria medieval*, *Terminoloxía científico-técnica*, *Recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala*, *Base de datos do ALIR (Atlas Lingüístico Románico)*, *Dicionarios de literatura e Literatura infantil e xuvenil*.

Esta liña de axudas enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia co estudo lingüístico, literario, histórico e antropolóxico sobre a lingua galega. Neste contexto, o Centro Ramón Piñeiro, como institución investigadora de referencia en estudos de investigación filolóxicos, literarios e antropolóxicos, está a potenciar o prestixio crecente da lingua galega, fomentando liñas de actuación que favorecen os traballos de investigación nestes eidos, así como a súa difusión no exterior.

Poderán solicitar a súa praza as persoas licenciadas ou graduadas universitarias nas titulacións esixidas no proxecto para o que presenten a súa solicitude. Ademais, deberán acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel Celga 4, non resultar beneficiario dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos do Centro Ramón Piñeiro, e posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6,5 puntos.

As solicitudes, que serán avaliadas por unha comisión de valoración, deben presentarse obrigatoriamente na sede electrónica da Xunta de Galicia. O prazo das solicitudes será de 20 días naturais a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A data estimada de comezo será o 1 de decembro de 2026 e rematarán o 30 de novembro de 2028, como máximo. Con todo, a data de incorporación ao centro establecerase na notificación da adxudicación da bolsa. Así, a contía de cada bolsa será de 1.000 euros brutos mensuais, aos que se lles aplicarán os descontos e as retencións legais vixentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Investigación en Humanidades

O Centro Ramón Piñeiro é un organismo dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cuxo cometido é promover a formación e a capacitación das persoas universitarias a través de convocatorias públicas para a investigación e o estudo de programas no ámbito de humanidades.

Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a literatura medieval, a recuperación de publicacións literarias ou a identidade colectiva, ademais de centrarse na dixitalización do coñecemento, co propósito de ofrecer recursos dixitais e ferramentas que permitan poder compartilos e difundilos e sexan de acceso libre.

Desde a súa fundación, hai máis de 30 anos, pasaron máis de 500 investigadores ou bolseiros que formaron parte dos diferentes proxectos de investigación impulsados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REAFIRMA DENTRO DA ESTRATEXIA DE ECONOMÍA SOCIAL A COLABORACIÓN CON FOROESGAL PARA PROMOVER ESTE SECTOR QUE FIXA POBOACIÓN NO TERRITORIO

- O Consello autorizou a sinatura do convenio anual entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e esta entidade para continuar visibilizando a economía social en Galicia
- No marco desta colaboración Foroesgal reforza a presenza da economía social galega nas entidades representativas do sector de ámbito europeo ou estatal, realiza accións de difusión neste eido e contribúe ao impulso da Rede Eusumo
- Esta actuación encádrase na aposta autonómica por este modelo económico reflectida na Estratexia galega de economía social horizonte 2027, coa que se prevé xerar 4.000 empregos e crear 400 novas entidades

O Goberno galego avanza na Estratexia galega de Economía social cun novo convenio anual entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Asociación Foro pola Economía Social Galega (Foroesgal) para seguir impulsando a visibilización e a difusión da economía social en Galicia. A esta colaboración, autorizada hoxe polo Consello da Xunta, o Goberno galego destina un importe total de 60.000 euros e con ela busca seguir potenciando o labor das entidades deste sector, así como contribuír á súa consolidación como un motor fundamental de crecemento sustentable, que crea emprego de calidade, inclusivo, integrador e vencellado co territorio.

No marco deste convenio, Foroesgal porá o foco en tres grandes eixos. En primeiro lugar, promoverá activamente a visibilización e o posicionamento da economía social de Galicia nas entidades representativas do sector de ámbito europeo ou estatal -así como nos organismos públicos- a través da participación nas actividades ou foros que teñan lugar. De forma específica, por exemplo, o Foro seguirá representando a economía social galega no seo de Confederación Empresarial Española de Economía Social (CEPES) e realizará funcións de interlocución e de mediación ante as institucións europeas con responsabilidades na economía social. Ademais, colaborará coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración naquelas accións dirixidas a reforzar a presenza da economía social galega nas institucións europeas.

En segundo lugar, levará a cabo accións de difusión da economía social ante os principais axentes económicos e sociais de Galicia, promovendo encontros, xornadas, grupos de traballo ou outros mecanismos que se consideren axeitados para mellorar o coñecemento do sector. Algúns exemplos das desenvolvidas o ano pasado por Foroesgal no marco deste convenio son o acto central da VI Semana Universitaria da Economía Social, e o evento do Día da Economía Social Galega, que reuniu en Santiago de Compostela máis dun cento de persoas e representantes da economía social galega e que este ano terá lugar o 29 de maio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén continuará impulsando accións de comunicación dirixidas á poboación xeral e reforzará a súa capacidade para a elaboración de posicionamentos de defensa do sector a nivel lexislativo. Ademais, no referido ao desenvolvemento e ao impulso da economía social, promoverá a elaboración de informes de oportunidades ou a conformación de grupos de traballo enfocados a facilitar o desenvolvemento de proxectos. Este ámbito abarca tamén a colaboración de ambas as partes no impulso e no desenvolvemento da Rede Eusumo, propoñendo mecanismos para a identificación de prioridades e para a orientación das actividades da Rede cara a obxectivos comúns.

A Asociación Foro pola Economía Social Galega é unha organización intersectorial integrada por cinco entidades representativas: a Unión de Cooperativas Galegas Espazocoop, a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca), a Asociación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (Aesgal), a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) e a Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (Aeiga).

Aposta autonómica pola economía social

Esta colaboración encádrase no labor de fomento e promoción que vén realizando a Xunta de Galicia para promover a economía social a través de múltiples medidas que converxen na Estratexia galega de Economía social, unha planificación con horizonte en 2027, que inclúe medidas para xerar 4.000 empregos e crear 400 novas entidades. Ademais, para este ano a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten orzamentados case 45 M€. A estratexia neste eido abarca outros apoios a prol da competitividade das diferentes entidades. Entre eles, o programa Aprod Economía Social (5 M€), o Bono Consolida (máis de 2,7 M€) e as axudas ES-Transforma (2,3 M€).

O obxectivo é crear novas oportunidades de negocio ao abeiro deste modelo económico sustentado nos principios de igualdade, solidariedade e integración e que, ademais, ofrece unha gran capacidade dinamizadora, sobre todo no rural, o que permite fixar poboación en zonas menos poboadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1 M€ Á REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS DO CARBALLIÑO NO MARCO DO PLAN DE IMPULSO DA REDE DE MERCADOS EXCELENTES E DO PROTOCOLO COA DEPUTACIÓN

- O Consello de Goberno autorizou á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración á sinatura dun convenio coa Deputación de Ourense e o Concello do Carballiño por 1,4 M€, dos que a Xunta achega o 70 %, o ente provincial o 20 % e o consistorio o 10 %
- Avánzase así na folia de ruta autonómica que rexe a colaboración coas entidades locais para dar pulo á calidade e á excelencia das prazas de abastos galegas, así como no protocolo coa Deputación de Ourense para a mellora dos mercados da provincia
- Todo no marco do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que persegue a innovación e a competitividade das prazas de abastos sen que perdan a súa esencia e trato personalizado, prevendo acadar os 25 Mercados Excelentes en 2030
- Co fin de lograr o selo que xa teñen outros 4 mercados en Galicia, a praza de abastos do Carballiño renovará por completo as súas instalacións, aumentando os servizos á clientela, mellorando a accesibilidade e fomentando a modernización e a dixitalización
- Para reafirmar o apoio ás prazas de abastos dentro do comercio, a Xunta celebrará o próximo 30 de maio a campaña europea 'Quere o teu mercado' e seguirá espallando a iniciativa Prato de Mercado, a prol das sinerxías coa gastronomía

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración á sinatura dun convenio coa Deputación de Ourense e o Concello do Carballiño por un importe superior aos 1,4 M€ dos que a Xunta achegará algo máis de 1 M€ para financiar o proxecto de reforma e modernización da praza de abastos carballiñesa, co obxectivo de que obteña o selo de Mercado Excelente. A actuación bianual para identificar este espazo coa calidade e o prestixio e potenciar a súa actividade comercial como atractivo de interese turístico enmárcase no Plan autonómico de impulso da Rede de Mercados Excelentes e no protocolo asinado coa Deputación de Ourense para a mellora das prazas de abastos desa provincia.

Grazas ao convenio de colaboración tripartita —no que a Xunta achegará o 70 % do investimento, a Deputación o 20 % e o Concello do Carballiño o 10 % restante—, vaise reformar e modernizar a praza de abastos co fin de potenciar o mercado tradicional e aumentar a oferta das distintas persoas produtoras, poñendo en valor os produtos frescos e impulsando a atención de proximidade e personalizada. Dentro da zona comercial destacarase o seu valor patrimonial e posición central, erixíndose como un espazo máis competitivo e con maior atractivo tanto para a veciñanza como para as persoas visitantes e consolidándose como punto de encontro e referencia, non só para o comercio local senón tamén para a realización das máis diversas accións dinamizadoras.

Tras a realización da pertinente diagnose e proxecto técnico, renovaranse por completo as instalacións e o equipamento aumentando os servizos á clientela e fomentando a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

modernización e a dixitalización, procedéndose este ano coas actuacións previas e coa adquisición dos materiais imprescindibles para garantir a execución das obras en 2027. Así, tras as derrubas precisas e actuacións en fachada e cuberta, procederase cos traballos de albanelaría, carpintaría, vidraría, fontanaría, electricidade, ventilación ou climatización. Tamén se actuará en pavimentos e revestimentos, incidindo na accesibilidade, na protección contra incendios ou na xestión de residuos.

Todo co obxectivo de que a praza de abastos do Carballiño pase a formar parte da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, actualmente integrada por Tomiño, Vilagarcía de Arousa, Pontedeume e Carballo. O obxectivo é acadar os 25 mercados con este selo no período que abrangue o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030.

Plan autonómico e convenio coa Deputación de Ourense

O apoio de máis de 1 M€ á praza de abastos do Carballiño permite avanzar na folla de ruta autonómica que —cun investimento inicial superior aos 23 M€— rexe a colaboración coas entidades locais para dar pulo á calidade e á excelencia dos mercados a través de obras de reforma, mellora ou modernización de gran calado, sempre que cumpran os requisitos establecidos. Entre eles, a existencia dunha ordenanza municipal actualizada da praza de abastos, a súa localización nunha zona comercial de relevancia, a dispoñibilidade dunha diagnose de situación e usos do mercado e a existencia dun proxecto de reforma coherente coa diagnose. Esta folla de ruta engloba o protocolo de colaboración subscrito en febreiro entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Deputación de Ourense para a mellora das prazas de abastos desa provincia, que prevía a formalización dos correspondentes convenios cos concellos interesados, como no caso do Carballiño.

Compromiso cos mercados

Para reafirmar o seu compromiso coas prazas de abastos ante os retos de modernización e de innovación sen que perdan a súa autenticidade e trato personalizado, a Xunta celebrará o próximo 30 de maio a campaña europea *Quere o teu mercado* nas catro provincias. Unha campaña na que participaron 63 mercados galegos o ano pasado e preto de 2.550 praceiros e praceiras nun total de 52 concellos.

A maiores, o Goberno autonómico seguirá espallando polas cidades a súa iniciativa Prato de Mercado, para potenciar a promoción das prazas de abastos como referentes do produto fresco de proximidade e de calidade a través da gastronomía galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA COA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO NA PROFESIONALIZACIÓN E INNOVACIÓN DO SECTOR E NAS CAMPAÑAS DE DINAMIZACIÓN DO CONSUMO LOCAL

- O Consello de Goberno autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a federación, que apoiará accións de xaneiro a decembro de 2026 con 690.000 euros, dos que a Xunta de Galicia achegará 627.900 €
- Co foco posto na competitividade no marco do Plan estratéxico do comercio 2025-2030, refórzase o asesoramento, a formación e a información ao sector para darlle pulo ao emprendemento e á súa profesionalización, ademais de avanzar na dixitalización
- Reedítanse as campañas de incentivo ao consumo local *Días Azuis* —que entregará tarxetas regalo o 28 de maio— e *Merca no teu comercio* —que ten en marcha a segunda quenda de campañas quincenais nunha vintena de concellos galegos—
- A Xunta ten aberto ata o 15 de xuño o prazo para concorrer aos Premios do Comercio Galego 2026, distribuídos en cinco categorías (Comercio Galego, Comercio Traxectoria, Comercio Emprande, Comercio Dinamización e Comercio Sustentable)

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio anual entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación Galega de Comercio, por un importe global de 690.000 euros dos cales a Xunta achegará 627.900 € co foco posto na competitividade do sector e no marco do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030. Entre outras actuacións, reforzaranse as liñas de asesoramento, formación e información para impulsar o emprendemento e a remuda xeracional no eido do comercio e avanzar na súa capacitación e profesionalización, así como de pulo á dixitalización co gallo de consolidar o comercio electrónico e a promoción vía web e redes sociais. No convenio coa federación tamén se enmarcan as campañas de dinamización *Días Azuis* e *Merca no teu comercio* —a primeira autonómica e a segunda con especial incidencia en concellos pequenos e barrios—, que teñen xa en marcha as súas edicións deste ano.

No caso de *Días Azuis*, a clientela puido rexistrar do 10 ao 30 de abril as súas compras efectuadas nos establecementos adheridos, con preto de 110.000 participacións para optar ao sorteo de 20.000 euros en premios, distribuídos en 44 tarxetas regalo de 250 € e 60 de 150 €. O próximo 28 de maio entregaranse estas tarxetas que deberán ser empregadas para volver mercar ata o 30 de xuño, nunha xornada na que se realizará un sorteo adicional dunha tarxeta prepago de 2.500 euros que o gañador deberá empregar nunha única xornada de compras e nunha soa localidade de Galicia. Cómpre engadir que —na edición de 2025— esta campaña contribuíu a incentivar máis de 134.000 vendas en máis de 160 localidades galegas e mobilizou arredor de 3,5 M€ no comercio local.

En relación a *Merca no teu comercio*, percorrerá —na liña do ano pasado— 40 localidades galegas que non teñen centros comerciais abertos, chegando a máis de 60 asociacións de comerciantes. Tras as primeiras campañas desenvolvidas do 1 ao 15 de maio nunha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

decena de concellos, actualmente está en marcha a segunda quenda, do 15 ao 30 deste mes. Concretamente, nos concellos coruñeses de Fene, Narón, Padrón, Dodro e Rois; nos lugueses da Fonsagrada, Folgoso do Courel, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Quiroga e Ribas de Sil; nos pontevedreses de Silleda, Forcarei, Vila de Cruces e A Guarda; e no barrio ourensán da Ponte, así como nos municipios desa provincia de Bande, Entrimo, Lobios e Muíños. Previstas entre maio e outubro, cada campaña rematará coa entrega de 20 tarxetas regalo por valor de 50 €. Quen queira participar debe rexistrar a súa compra na web www.mercanoteucomercio.com, da que tamén poderá deixar constancia o comerciante, duplicando así as posibilidades de gañar da clientela. Cómpre sinalar que en 2025 se rexistraron máis de 92.000 participacións nos distintos concellos.

Impulso ao emprendemento, remuda xeracional e profesionalización do comercio

O convenio coa Federación Galega de Comercio tamén permitirá dar pulo á liña de asesoramento, formación e información ao asociacionismo comercial, tanto presencialmente como por medios telemáticos e telefónicos a través da liña gratuíta 900 103 087, afianzando o traballo dos profesionais en activo e animando outros novos a coller o testemuño de negocios viables. No eido da formación, potenciarase a relativa á facturación electrónica estreada na edición do ano pasado, así como o programa a través de pímulas formativas en redes sociais e o intercambio de experiencias en cada unha das catro provincias galegas sobre temas de actualidade e interese para o sector, co propósito de dar ferramentas que consoliden os proxectos comerciais.

No campo da dixitalización, avanza na mellora da plataforma de comercio en liña da Federación Galega de Comercio (Comercio Galicia), das súas redes sociais e da web, ademais de promover actividades de mentorización para a actualización das páxinas e redes das asociacións de comerciantes.

Premios do Comercio Galego 2026

Cómpre recordar que a Xunta abriu ata o 15 de xuño o prazo para concorrer aos Premios do Comercio Galego 2026, cos que busca recoñecer o labor dos profesionais do sector. O Premio Comercio Galego (5.000 €) recoñecerá os negocios que destaquen por implantar un modelo comercial innovador, competitivo e adaptado aos novos retos do sector; o Comercio Traxectoria (3.000 €) distinguirá a traxectoria de establecementos con especial arraigo; o Comercio Emprande (3.000 €) premiará proxectos comerciais novos e diferenciados; o Comercio Dinamización (5.000 €) salientará as mellores iniciativas de dinamización comercial e, por último, o Premio Comercio Sustentable (3.000 €) porá en valor accións e proxectos vinculados á promoción dun consumo responsable e sustentable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONFRARÍA DE NOIA POR 1,6 M€ PARA A RESTAURACIÓN DOS HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

- Explica que a medida, autorizada hoxe polo Consello, se enmarca no plan extraordinario de 22,7 M€ impulsado polo Goberno galego para a recuperación dos bancos tras os temporais do pasado inverno
- Indica que se trata do “primeiro convenio de colaboración ao abeiro deste plan” e que nas vindeiras semanas iranase asinando novos convenios con outras entidades
- Permitirá financiar os traballos de rexeneración realizados desde o cesamento de actividade aos que se incorporarán gradualmente profesionais do colectivo de mariscadoras a pé
- As actuacións inclúen a limpeza de fondos, o acondicionamento de substratos e o control de especies depredadoras para favorecer a produtividade

A Xunta, tal e como anunciou hoxe o presidente galego, Alfonso Rueda, dá un novo paso na execución do plan extraordinario de 22,7 millóns de euros para “colaborar na rexeneración e recuperación dos bancos marisqueiros galegos tras os temporais do inverno”. Así, o Consello autorizou esta mañá a sinatura do “primeiro convenio de colaboración ao abeiro deste plan” que, neste caso, foi coa Confraría de Pescadores de Noia. Este acordo, dotado con “preto de 1,6 millóns de euros” e cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), permitirá desenvolver tarefas de restauración ambiental durante as anualidades 2026 e 2027.

O convenio recolle un Plan de “restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira” cun cronograma detallado para a implicación directa do sector nas tarefas de recuperación. Ademais, permitirá remunerar os labores realizados desde o peche dos bancos nesta zona. O obxectivo é actuar de xeito integral sobre os hábitats de especies estratéxicas como o berberecho e as diferentes variedades de ameixa.

Este plan, cuxo ámbito de actuación se centra no esteiro do Tambre e na enseada de Esteiro, considera a participación progresiva das profesionais. Rueda indicou que comezarán 40 persoas, o número ampliarase a 110 en maio e “chegará ata as 200 a partir de setembro”. Unhas profesionais que levarán a cabo tarefas esenciais como a retirada de algas verdes e cunchas, ou os rareos e os traslados de especies comerciais, mobilizando equipos de 40 persoas durante varios días ao mes. Así, o presidente explicou que poderán recibir “unha remuneración de ata 700 euros por entre 10 e 12 días ao mes” de participación nestas tarefas mentres os bancos estean pechados.

Entre as accións biolóxicas máis destacadas atópase a sementeira de ameixa no banco de Misela I, cunha proxección de 8 millóns de unidades neste ano 2026 e 2 millóns en 2027, labores que executarán equipos específicos de 20 persoas. Así mesmo, o plan recolle o control exhaustivo de depredadores cunha embarcación que prevé retirar uns

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

1.000 quilos semanais de estrelas de mar e cangrexos, ademais de garantir a vixilancia diaria dos bancos con quendas de ata 32 persoas e a realización de mostraxes para o control da evolución dos areas.

Cunha vixencia que se estende inicialmente ata o 31 de decembro de 2027, o acordo garante a continuidade dos labores de mantemento necesarios para facer fronte aos efectos dos temporais e á baixa salinidade. Con este investimento, a Xunta non só traballa na recuperación biolóxica dos areas, senón que asegura unha alternativa de actividade e de ingresos para o sector mentres os bancos recuperan os seus niveis óptimos de produción.

Así, Rueda indicou que a parte máis importante do plan extraordinario aprobado pola Xunta –19 M€– está destinada a “asinar convenios coas propias confrarías”, como é o caso da de Noia, e que nas vindeiras semanas iranse asinando novos convenios con outras entidades. “Ata o momento, hai 21 que xa amosaron o seu interese en adherirse”, destacou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 155.000 € Á CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACIÓN PARA PERSOAL AUXILIAR DE INVESTIGACIÓN MARIÑA

- Autorízase o gasto plurianual destas axudas, que afondan no compromiso coa captación e a retención de talento científico no Centro de Investigacións Mariñas de Galicia (CIMA)
- Están dirixidas a persoas tituladas en ciclos formativos de grao medio e superior para favorecer a súa inserción laboral e fomentar as vocacións científicas
- Enmárcanse na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3) e no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027

A Xunta de Galicia avanza no seu compromiso coa captación e coa retención de talento científico coa autorización hoxe, por parte do Consello, da vindeira convocatoria de seis bolsas de formación para persoal auxiliar en materia de investigación mariña. O Goberno galego destinará para este fin un orzamento total de 155.520 euros, distribuído en tres anualidades (2026, 2027 e 2028).

Esta nova convocatoria supón un avance significativo respecto da anterior, tanto en número de persoas beneficiarias como en dotación económica. En concreto, ofrécense dúas prazas máis que na edición pasada (pasando de catro a seis bolsas) e tamén se incrementa o importe da bolsa que percibirán os titulados, cun incremento do 65 % do orzamento global respecto aos algo máis de 94.000 euros da anterior.

O obxectivo destas axudas é ofrecer unha oportunidade eminentemente práctica a técnicos e técnicas de ciclos formativos de Formación Profesional (tanto de grao superior como medio). Deste xeito, as persoas beneficiarias poderán completar a súa aprendizaxe participando directamente en experiencias e programas específicos de investigación desenvolvidos no Centro de Investigacións Mariñas de Galicia (CIMA), organismo público autonómico de referencia adscrito á Consellería do Mar.

Unha vez aprobado hoxe o gasto polo Consello da Xunta, a convocatoria publicarase nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), abrindo un prazo dun mes para a presentación de solicitudes. As seis bolsas de formación distribuiranse entre as sedes do CIMA, destinándose as prazas aos centros de Corón (Vilanova de Arousa) e de Ribadeo.

Esta medida está plenamente aliñada coas directrices da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3) 2021-2027 e co programa Talento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027. O fomento da investigación científica e a formación continua en ciencias mariñas son piares fundamentais para garantir a sustentabilidade dos recursos pesqueiros e o desenvolvemento tecnolóxico e económico do conxunto do complexo mar-industria da comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este tipo de iniciativas, o Goberno galego reforza o papel estratéxico do CIMA como un organismo fundamental para o noso sector marítimo-pesqueiro. O labor diario e os proxectos desenvolvidos polos seus profesionais sitúan a Galicia á vangarda na investigación mariña, achegando solucións científicas e técnicas de alto nivel que blindan o futuro das nosas rías e impulsan a competitividade de toda a cadea mar-industria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MAR E A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA ESTENDEN O ACORDO PARA REFOZAR A DEFENSA DO SECTOR EN BRUXELAS

- O Consello da Xunta autorizou prorrogar por outros seis meses o acordo subscrito e que permite o mantemento dun traballador público na sede que a FGE ten en Bruxelas
- Este apoio é clave para a toma de decisións favorables aos intereses da cadea mar-industria, en coherencia co marco normativo, orzamentario e estratéxico europeo

O Consello da Xunta deu o visto e praxe á addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Galicia Europea, que inclúe a prórroga da estancia por outros seis meses dun empregado público na sede que esta entidade ten en Bruxelas. Esta medida permitirá reforzar a defensa dos intereses do sector no ámbito da UE.

Deste xeito, a Administración autonómica favorece a consolidación da comunidade como rexión marítima líder en Europa nun contexto xeopolítico determinante e que está motivado pola revisión da Política Pesqueira Común (PPC), o deseño do novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034 e a participación da Xunta no grupo de pesca do Reino de España do Consello da UE.

Este escenario contribúe a dar resposta ás necesidades laborais, de benestar e de sustentabilidade do sector, tanto por conta propia como allea, e ao conxunto das actividades que integran a cadea mar-industria, incluídos os ámbitos extractivo, acuícola e transformador.

Neste horizonte complexo e decisivo para a actividade marítimo-pesqueira, resulta esencial que Galicia participe activamente na configuración destas políticas para asegurar que reflicten adecuadamente a realidade, os retos e as necesidades dunha das rexións europeas con maior dependencia socioeconómica do mar.

Co fin de garantir unha participación activa, informada de xeito permanente e estratéxica, a Consellería do Mar considera necesario contar cun profesional que poida ter acceso á información e aos debates que se están a producir nas institucións da UE. Esta interlocución favorece unha comunicación continua, así como unha intervención máis eficaz na toma de decisións nestas institucións, en coherencia co marco normativo, orzamentario e estratéxico europeo.

Trátase, por tanto, dunha colaboración que fortalece a capacidade da Administración autonómica para orientar e defender de maneira máis eficaz a súa acción política e estratéxica neste ámbito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN CONECTA FP 23–25 INCREMENTOU EN MÁIS DUN 42,5% AS PRAZAS EN SECTORES ESTRATÉXICOS PARA GALICIA

- O balance da iniciativa impulsada pola Xunta conclúe que se crearon máis de 11.500 novos postos para cursar estas ensinanzas en 14 áreas territoriais
- O plan cumpriu e superou o seu compromiso cuantitativo e cualitativo, consolidando a FP galega como panca económica e ferramenta de cohesión
- Os convenios con empresas medraron un 37 % e a FP Dual Intensiva multiplicouse por tres, ao tempo que a demanda de empregos con cualificación de FP se duplicou
- Medran as prazas fóra dos grandes polos urbanos, como na área de Pontevedra (50,1 %), na Mariña (43,4 %), en Lemos-Chantada-Quiroga (40,8 %), no Salnés (39,5 %), na área de Ourense (37,7 %) e en Verín-Umia-Baixa Limia (37,6 %)
- Logo dunha etapa de expansión, o novo plan 26–30, que se ultima, centrarase na especialización e na flexibilización das ofertas e afondará na colaboración coas empresas

O Plan Conecta FP Galicia 2023–2025 cumpriu e superou o seu compromiso cuantitativo e cualitativo, concentrando o incremento da oferta de FP alí onde se propoñía actuar, tanto desde o punto de vista territorial como sectorial. Así se desprende do informe de balance analizado hoxe no Consello da Xunta, segundo o que esta iniciativa permitiu incrementar nun 42,5 % as prazas en ciclos de FP relacionados cos sectores produtivos prioritarios do plan, moitos deles estratéxicos para Galicia como o metal (automoción, naval, aeronáutica e construcións metálicas), a cadea mar-industria, os recursos naturais e enerxías sustentables, o forestal-madeira e o turismo e hostalaría-industrias alimentarias.

Segundo se conclúe do informe, a aplicación desta estratexia supuxo a consolidación da Formación Profesional como panca económica de Galicia, dando resposta a unha demanda crecente de emprego cualificado. A iniciativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP serviu, ademais, para avanzar cara a un modelo formativo máis adaptado ás necesidades das persoas, que están a demandar opcións de inserción laboral case plena, como a FP Dual Intensiva, así como ofertas á carta, como as modulares, semipresenciais e a distancia ou a FP Acelerada, creada este curso.

Unha nova rede efectiva

A través do Plan Conecta, a Consellería de Educación creou unha rede de coordinación territorial e sectorial da FP que non existía, integrada por 19 grupos de traballo (cinco sectoriais e 14 territoriais). Nela xerouse unha base de datos de necesidades por sector e por comarca, así como un mapa de demandas transversais sobre a propia FP (orientación, flexibilidade...) de importancia capital para incrementar a oferta.

O funcionamento desta rede traducíuse nun incremento substancial tanto das prazas de FP como da colaboración directa coas empresas. En termos cuantitativos, entre o curso 2022/23 e o curso 2025/26, o sistema incorporou 11.504 novas prazas en ciclos formativos e cursos de especialización, un 21 % máis das 9.500 comprometidas ao inicio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do plan. A oferta total pasou de 37.660 a 49.164 prazas en primeiro curso (+30,5 %) e a matrícula total acadou as 71.229 persoas, máis do dobre que en 2008/09.

Ao mesmo tempo, o número de convenios para impartir titulacións de FP asinados con empresas medrou un 37 %, ata superar os 20.000, con 10.383 empresas e beneficiando 24.746 alumnos. Isto supón que o sistema galego de FP non só medrou, senón que o fixo con orientación, estratexia e con grande acollida entre a cidadanía e as empresas.

O incremento da oferta redundou, especialmente, en máis prazas formativas que dan resposta ás necesidades de profesionais cualificados nos sectores prioritarios do plan, un 42,5 %. En concreto, o metal incrementou a oferta nun 43,8 %, a cadea mar-industria nun 41,4 %, os recursos naturais e enerxías sustentables nun 35,5 %, o forestal-madeira nun 28,4 % e o turismo e hostalaría-industrias alimentarias nun 48,6 %.

Aposta polo rural

O Plan Conecta fixo fincapé no equilibrio territorial do mapa da FP galega, apostando por aumentar as oportunidades fóra dos grandes polos urbanos. Neste sentido, destaca o incremento de prazas na área de Pontevedra (50,1 %), na Mariña (43,4 %), en Lemos-Chantada-Quiroga (40,8 %), no Salnés (39,5 %), na área de Ourense (37,7 %) e en Verín-Umia-Baixa Limia (37,6 %).

Ao mesmo tempo, a paridade rural-urbano consolidouse, de tal forma que o rural supón o 16,7 % do total da oferta de FP, cun incremento do 31,5 % das prazas nestas zonas, arredor da metade delas en relación aos sectores produtivos prioritarios.

Formación á carta

No que atinxe ao modelo de formación, o plan cumpriu o seu obxectivo de situar a FP Dual Intensiva como elemento estrutural. A súa oferta multiplicouse por 3,5 desde o curso 2022-23, pasando de representar o 4,8 % ao inicio ao 12,9 % da oferta total actual. Das 11.504 prazas creadas ao abeiro do plan, 4.534 son de FP Dual Intensiva (39,4 %).

No día de hoxe impártense nesta modalidade 120 ciclos en 94 centros de 57 concellos galegos. O 21,6 % dos postos nesta modalidade están no rural e os sectores prioritarios concentran o 58,6 % da oferta Dual. De feito, só o metal concentra o 25,5 %.

Tamén mudou a natureza do catálogo de titulacións, afondando en formacións como os ciclos de alta especialización, exclusivos de Galicia, que se multiplicaron por 7,5, ata as 775 prazas, o 70,7 % delas vencelladas aos sectores prioritarios do plan. A oferta de másteres de FP multiplicouse por tres, de 700 postos a 2.192.

A maiores, foron medrando as opcións á carta, adaptadas ás necesidades da cidadanía. Así, creáronse 5.290 prazas para cursar estas ensinanzas dun xeito máis flexible, nas modalidades semipresencial e a distancia. Trátase de opcións moi demandadas, nas que a matrícula medrou neste período ata os 17.120 estudantes, un 74 % máis. A maiores, no período púxose en marcha a FP Acelerada, que neste curso ofertou 968 prazas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Porta aberta ao emprego

Durante o período de vixencia do Plan Conecta 23–25 a FP galega pasou a ser, pola súa envergadura, orientación sectorial e capilaridade territorial, panca económica, fundamental para a competitividade e a cohesión de Galicia. Ademais, cunha inserción laboral do 85,4 % nos ciclos ordinarios e de case o 100 % na FP Dual Intensiva, a FP continúa a constituír unha porta aberta ao emprego.

Cómpre destacar que as ofertas de traballo que requiren FP en Galicia se duplicaron, pasando do 25,1 % do total en 2022 ao 49,2 % en 2024, unha tendencia á alza que se agarda que continúe incrementándose cando se coñezan os datos actuais.

Afondar na especialización

A Xunta está a traballar xa na elaboración do novo Plan Conecta FP 2026–2030, cunha misión distinta. O obxectivo é afondar na calidade e especialización do sistema. Para iso, a nova estratexia centrase en tres liñas de actuación: oferta máis especializada, con perfís profesionais máis avanzados; máis flexible, atendendo ás necesidades da poboación sobre o réxime modular, á modalidade semipresencial e a distancia e á FP Acelerada, e ao afondamento na rede de colaboración coas empresas e os clústeres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA SOMETER A INFORMACIÓN PÚBLICA O PROXECTO DUNHA SENDA PEONIL E CICLISTA NA AC-550 EN NOIA, CUN INVESTIMENTO SUPERIOR AOS 1,6 M€

- O obxectivo é habilitar un itinerario, en dous treitos independentes, entre os núcleos de Noia, Taramancos e Boa, potenciando as viaxes a pé e en bicicleta en detrimento das viaxes de motor, reducindo deste xeito as emisións de CO₂ á atmosfera e mellorando a seguridade viaria
- O primeiro treito desenvólvese entre os puntos quilométricos 74+570 e o 75+635, pola marxe esquerda da vía, comunicando o núcleo urbano de Noia -onde rematan as beirarrúas na actualidade- e a aldea de Taramancos.
- O segundo treito desta senda proxéctase pola marxe dereita e comeza no punto 76+550, nun camiño de terra procedente de Taramancos, e remata no 77+090, na baixada á praia de Boa
- Na zona da antiga estrada AC-550, entre os puntos 76+760 e 76+860, a senda discorre en paralelo ao antigo trazado, axustándose ao dominio público existente
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá nos vindeiros días o proxecto a información pública e prevé aprobalo definitivamente no terceiro trimestre deste ano 2026

O Consello da Xunta autorizou hoxe someter a información pública o proxecto, provisionalmente aprobado, das obras necesarias para a implantación dun itinerario peonil e ciclista paralelo á estrada AC-550, ao seu paso polo concello de Noia, que superará un investimento que superará os 1,6 M€ (1.653.943,43 €).

O obxecto desta acordo é a xustificación e a definición das obras necesarias para a execución dunha senda peonil e ciclista paralela á vía autonómica, entre os núcleos de Noia, Taramancos e Boa. Con esta actuación perséguese potenciar as viaxes a pé e en bicicleta en detrimento das viaxes de motor, reducindo deste xeito as emisións de CO₂ á atmosfera e mellorando a seguridade viaria.

A senda proposta executarase en paralelo á estrada AC-550, en dous treitos independentes. O primeiro treito desenvólvese entre os puntos quilométricos 74+570 e o 75+635, pola marxe esquerda, comunicando o núcleo urbano de Noia (onde rematan as beirarrúas na actualidade) e a vila de Taramancos.

O segundo treito desta senda proxéctase pola marxe dereita e comeza no punto quilométrico 76+550, nun camiño de terra procedente de Taramancos, e remata no 77+090, na baixada á praia de Boa. Na zona da antiga estrada AC-550, entre os puntos 76+760 e 76+860, a senda discorre en paralelo ao antigo trazado, axustándose ao dominio público existente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O itinerario proposto prevé unha senda de uso mixto peonil-ciclista en cor terra, de algo máis de 2 metros de ancho, incluído o bordo estético. Empregarase pavimento táctil nos cruzamentos con outras estradas e colocarse pavimento podo táctil direccional con acanaladuras nos extremos das ramplas e na sinalización das paradas de autobuses, e unha ringleira de pavimento de botóns fronte da parada.

Tamén se prevé o traslado da parada de bus existente no quilómetro 75+440, para mellorar a súa accesibilidade; e a substitución da marquesiña.

Ademais, propónse a reposición do firme existente do treito da antiga estrada (entre os puntos quilométricos 76+760 e 76+860).

Na intervención prevese, entre outras actuacións, a pavimentación das entradas e accesos que deberán atravesar a senda proxectada, así como as actuacións necesarias de drenaxe da senda.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá nos vindeiros días este proxecto a información pública, para efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para efectos expropiatorios e polo prazo de 30 días. Para executar este novo itinerario é preciso a expropiación de 33 parcelas neste municipio coruñés. O prazo de execución das obras é de 10 meses.

O obxectivo da Xunta é aprobar o trazado no terceiro trimestre do ano e contar co proxecto construtivo no último trimestre. Esta actuación enmárcase na estratexia do Goberno galego para impulsar unha mobilidade máis segura, sustentable e a saudable nos municipios.

Este novo itinerario contará con fondos do programa operativo Feder 21/27.

Plano de situación do novo itinerario e actuacións:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A LICITACIÓN DA EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E CICLISTA NA PO-841 NO CONCELLO DA ESTRADA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,1M€

- Habilitarase un itinerario de uso mixto de case 2,4 quilómetros de lonxitude na marxe dereita desta vía autonómica para dispor dun novo espazo para o tránsito, mellorando a seguridade viaria e fomentando unha mobilidade sustentable
- As obras licitaranse nas vindeiras semanas para adxudicar a súa execución a finais deste ano
- A senda executarase no treito da PO-841 entre os puntos quilométricos 18+200 e 20+580, cun ancho mínimo de 1,80 metros e bordo, agás en dous puntos onde existe unha estrutura
- O Goberno galego segue apostando por actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sustentable

O Consello da Xunta acordou hoxe a licitación das obras de construción dunha senda peonil e ciclista na estrada autonómica PO-841, no concello da Estrada.

O investimento total que o Goberno galego destinará a esta actuación de mellora da seguridade viaria, e de fomento dunha mobilidade sustentable, superará os 1,1M€.

Mediante esta contratación, trátase de habilitar un itinerario de uso mixto de case 2,4 quilómetros de lonxitude na marxe dereita da estrada PO-841, para dispor dun novo espazo seguro para o tránsito.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas esta obra, coa previsión de adxudicar as obras a finais deste ano. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

En concreto, a actuación consiste na construción dunha senda peonil e ciclista entre os puntos quilométricos 18+200 e 20+580 da PO-841, na marxe dereita.

A intervención deseñada polo departamento de Infraestruturas da Xunta permitirá a execución dunha senda en formigón coloreado de ancho mínimo de 1,80 metros e bordo, agás nun estreitamento puntual na contorna dos puntos quilométrico 18+800 e 18+980, onde existe unha estrutura.

De cara a mellorar a seguridade, nos extremos da senda (para indicar o final desta), nas paradas de autobús e nos pasos de peóns (para advertir a posibilidade de cruzamento con seguridade), colocarase pavimento táctil indicador de advertencia ou proximidade a puntos de perigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén, nos vans peonís previstos, de cara a facilitar a accesibilidade, colocárase pavimento táctil de botóns ou direccional.

As obras que se van contratar inclúen a execución de dúas estruturas de formigón prefabricado, na contorna dos puntos quilométricos 18+990 e 19+120, xa que o trazado que se propón para a execución da senda, intercepta dous leitos. Estas novas estruturas realizaranse en paralelo ás existentes, coa finalidade de ampliar a plataforma e gañar espazo suficiente para a execución desta senda.

Debido á diferenza de nivel entre varias parcelas da zona de actuación coa estrada, proxéctanse uns muros de perpiaños para posibilitar a correcta execución da senda, entre os seguintes puntos: 18+980 – 18+990 (nun tramo de 10 m), 19+080 – 19+120 (nun tramo de 40 m) e 19+130 – 19+210 (nun tramo de 80 m).

Ademais, levaranse a cabo actuacións complementarias como a adaptación da rede de drenaxe á nova sección transversal da vía, a execución de canalización para comunicacións baixo a senda, a reposición e/ou execución de sinalización, tanto vertical como horizontal, o balizamento e a substitución e a ampliación das defensas; así como o axuste de cota de sumidoiros, pozos ou arquetas existentes.


As actuacións previstas nesta actuación non implican a realización de expropiación ningunha, xa que se desenvolven unicamente nas marxes da calzada existente. Por este motivo, pódese concluír que todas as solucións que se van executar estarán incluídas dentro da actual franxa de dominio público da estrada.

O executivo autonómico mantén o impulso das intervencións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sustentable.


Esta nova actuación da Xunta conta con financiamento dos fondos europeos Feder 21/27.

Planos de planta das actuación na PO-841:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE A XUNTA RECIBIU OFERTAS PARA CONVERTER 26 LOCAIS EN VIVENDA E TRANSFORMALOS EN ATA 32 VIVENDAS PÚBLICAS DE ALUGUEIRO ACCESIBLE NA CIDADE DE OURENSE

- Sinala que o Goberno galego mobiliza ata 2 M€ á compra de baixos e entreplantas de inmobles de uso residencial sen uso na cidade para destinala a vivenda pública con cualificación permanente
- Apunta que a fórmula pioneira de oferta pública de adquisición de locais por parte da Xunta busca ampliar o parque público de vivenda, revitalizar áreas urbanas coa súa actividade comercial diminuída e contribuír así ao seu impulso social e económico e á sustentabilidade urbana

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que a Xunta de Galicia recibiu ofertas para converter 26 locais en vivenda no marco do programa piloto impulsado pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), para a adquisición de locais sen uso na cidade de Ourense co obxectivo de transformalos en vivendas de promoción pública destinadas ao alugueiro accesible.

Segundo trasladou Rueda, o informe presentado hoxe no Concello da Xunta informa que, tras o peche do prazo de presentación de solicitudes, as propostas rexistradas inclúen un total de 26 locais -nas que tres contan tamén con praza de garaxe-. Ademais, tal e como sinalou a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, con superficie suficiente para posibilitar a creación dun máximo estimado de 32 vivendas públicas con cualificación permanente.

O presidente sinalou que o Goberno galego mobiliza ata 2M€ á compra de baixos e entreplantas de inmobles de uso residencial sen uso na cidade.

Esta iniciativa enmárcase na estratexia do Goberno galego para incrementar a oferta de vivenda pública e facilitar o acceso a prezo accesible, especialmente en cidades en que o IGVS non dispón actualmente de solo residencial para novas promocións públicas, como é o exemplo de Ourense.

Neste sentido, Martínez Allegue lembrou que “o acceso á vivenda é unha preocupación para a Xunta” e que o Goberno galego xa está a impulsar na cidade de Ourense a construción de 64 vivendas de promoción pública na zona de Cambedo da Raia, tras a adquisición en 2022 de tres parcelas á SAREB, cun investimento de 13,6 M€.

O titular do Executivo autonómico indicou que, “ante a ausencia de solo residencial dispoñible” para novas actuacións e tras constatar que o Concello de Ourense non dispón de parcelas urbanas consolidadas para ceder á Xunta de Galicia, optouse por impulsar esta fórmula pioneira de adquisición de locais destinados a un uso terciario

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para os cales non existe demanda de arrendamento ou están infrautilizados, pero que, mediante un cambio de uso e dada a súa localización, poden ser acondicionados para vivenda de promoción pública destinada a alugamento.

Tal e como salientou Rueda, esta medida do Goberno galego permitirá así, ademais de ampliar o parque público autonómico, contribuír á “revitalización dos barrios” de áreas urbanas que perderon actividade comercial e favorecer a rexeneración social, económica e urbana da cidade.

Próximos pasos

O IGVS iniciará o proceso de realización dunha taxación dos locais que seleccione entre os que lle sexan propostos e fará unha oferta económica pola contía que resulte máis baixa entre a oferta do propietario, o valor de taxación ou o valor resultante de aplicar os prezos indicados nos parágrafos seguintes.

O prezo do local será o resultado de multiplicar a súa superficie construída por 650 € ou o valor que figure no informe de taxación que encargará o IGVS, no caso de que sexa inferior. No suposto de que o local dispoña dun rocho, a superficie máxima que se computará será de 8 m², sen que se teña en conta, para tales efectos, o exceso de superficie sobre a indicada. Os que dispoñen de praza de garaxe o seu valor máximo non poderá superar os 15.000 euros.

No caso dos locais que finalmente adquira, o IGVS pagará, ademais do prezo destes, os gastos derivados dos honorarios dos profesionais que interveñan na elaboración da documentación técnica e/ou na realización dos trámites administrativos necesarios para participar nesta oferta pública, ata un máximo de 1.500 €.

O obxectivo da Xunta de Galicia é ter a resolución definitiva do procedemento antes de finalizar o ano, e incluírá a listaxe priorizada das propostas admitidas, o valor de adquisición dos locais e, se é o caso, as ofertas contraditorias que poidan formularse cando a taxación resulte inferior ao prezo solicitado polas persoas propietarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A IDADE DE VACINACIÓN FRONTE AO VIRUS DO PAPILOMA HUMANO EN VARÓNS ATA OS 25 ANOS

- Desde o vindeiro 25 de maio, o *Calendario galego de inmunización ao longo de toda a vida* incluírá a todos os varóns nados desde o ano 2001
- A pauta de vacinación consistirá na administración dunha única dose, seguindo as recomendacións vixentes e simplificando o proceso de inmunización
- Estímase que a nova medida chegue a arredor de 21.000 persoas
- O virus do papiloma humano é a infección de transmisión sexual máis común a nivel mundial

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a ampliación do rango de idade na vacinación fronte ao virus do papiloma humano (VPH) en varóns, estendendo ata os 25 anos a posibilidade de protexerse fronte a este virus.

Co obxectivo de reducir a circulación do virus entre a poboación galega e así evitar as posibles lesións precancerosas que derivan da súa infección, o Executivo galego destinará unha partida de 982.827 euros para vacinar arredor de 21.000 varóns nados entre os anos 2001 e 2003.

Deste xeito, desde o vindeiro 25 de maio a Dirección Xeral de Saúde Pública incorporará estas cohortes de idade no seu programa de vacinación. Así, o *Calendario galego de inmunización ao longo de toda a vida* incluírá todos os varóns nados desde o ano 2001.

A pauta de vacinación para estas novas cohortes consistirá na administración dunha soa dose, seguindo as recomendacións vixentes e simplificando o proceso de inmunización.

O programa de vacinación fronte ao virus do papiloma humano ampliouse progresivamente nos últimos anos. A vacinación sistemática na poboación infantil feminina estableceuse en 2008.

No que atinxe á poboación masculina, implementouse no ano 2022 para todos os varóns aos 12 anos. En posteriores ampliacións foise estendendo a vacinación aos mozos de ata 18 anos, logo ata os de 21 e agora chega aos mozos de 25 anos.

A infección de transmisión sexual máis común

O virus do papiloma humano (VPH) é a infección de transmisión sexual máis común a nivel mundial. A maioría das veces a infección resólvese soa, pero se permanece, é un colaborador imprescindible para o desenvolvemento de cancro de colo de útero, vulva, vaxina, ano, pene, orofarinxe e boca en homes ou mulleres.

O seu padecemento pode ocasionar discapacidade e diminución da calidade de vida, constituíndo un importante problema de saúde. Así mesmo, o VPH está implicado na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xénese das verrugas xenitais que, ben que non son unha enfermidade grave, causan gran morbilidade e xeran un grande impacto sobre a asistencia sanitaria.

A ampliación da poboación diana masculina repercutirá directamente na saúde dos homes e das mulleres galegas en canto a morbi-mortalidade vencellada a este virus e, ademais, terá beneficios indirectos na asistencia sanitaria, evitando consultas de atención primaria e/ou hospitalaria, ingresos e prescricións farmacolóxicas derivadas do padecemento destas patoloxías.

Con esta medida, a Consellería de Sanidade reafirma o seu compromiso coa calidade asistencial e a prevención, garantindo que as cohortes de maior idade que non foron incluídas inicialmente no calendario sistemático teñan acceso á máxima protección.